

CONTER OS PREZOS, PROTEXER O EMPREGO, FREAR A DETERIORACIÓN DAS NOSAS CONDICIÓNNS DE VIDA

A sociedade española vive cunha profunda preocupación e gran malestar a escalada desbocada dos prezos que desde hai meses sufrimos no país. O pasado mes de febreiro, a inflación alcanzou unha nova cifra histórica ao se situar no 7,6 %, o nivel máis alto desde 1986. A tensión dos prezos da electricidade, o gas, os carburantes e outras materias primas estase trasladando ao prezo do resto de bens e servizos, que xa soben de forma xeneralizada. As perspectivas non son boas. Toca actuar con celeridade.

A deterioración das condicións de vida de familias e de persoas traballadoras e consumidoras, do tecido produtivo e do conxunto da cidadanía é moi palpable. Mes a mes, as facturas da luz, a calefacción, a gasolina, os alimentos, a vivenda ou o transporte aumentan e detraen cada vez máis e máis recursos.

Toda a sociedade está a sufrir esta situación, pero é a poboación máis vulnerable, a que non chega a fin de mes ou chega con dificultades, a que o padece de forma máis cruel. A desigualdade e apobrezas eran problemas urxentes antes de que se iniciara a escalada dos prezos. Nesta situación, estes problemas, que teñen rostro, que teñen nomes e apelidos, deben abordarse de maneira inadiable.

Ao tempo, mentres o oligopolio das empresas multinacionais enerxéticas saca tallada neste escenario e obtén beneficios históricos, millóns de consumidores

e usuarios, centos de miles de pequenas e medianas empresas e de autónomos, ou os sectores produtivos de alto consumo enerxético estanse vendo prexudicados por este aumento disparatado dos prezos.

Todo fai prever que a inustificable guerra iniciada por Rusia coa invasión de Ucraína terá como consecuencia unha aceleración da inflación que pon en risco o acceso a bens e servizos esenciais, a recuperación económica e a creación de emprego, intensificando os problemas de desigualdade e pobreza.

Ante este escenario, é urxente que o Goberno de España e a Unión Europea actúen de forma contundente. Teñen a obriga de despregar todas as iniciativas que cumpran para poñer fin a esta escalada dos prezos, para atallar comportamentos especulativos e para protexer e dar seguridade a toda a cidadanía.

MANIFESTO

As organizacións sociais que subscribimos este manifesto esixímoslles ás autoridades públicas que:

- Cambien o irracional sistema marxinalista de fixación do prezo da electricidade, controlando alzas desmesuradas, e que poñan tope ao prezo máximo do MWh na poxa, porque non pode ser que os prezos do gas marquen o prezo da electricidade que se xera a través doutras tecnoloxías máis baratas.
- Poñan fin aos beneficios extraordinarios e abusivos das empresas eléctricas e de hidrocarburos, que venden produtos a prezos de futuras materias almacenadas, e que aproben medidas contra a especulación dos prezos dos produtos básicos, porque mentres a gran maioría sufrimos esta situación, non pode ser que haxa quen saque tallada da desgraza.
- Aceleren os investimentos para reducir a dependencia enerxética e fomenten o uso do transporte público, porque necesitamos gañar autonomía estratéxica no ámbito enerxético.
- Protexan a cidadanía e as familias: a solidariedade é a base do modelo social europeo, que debemos coidar e estender.
- Apoien os sectores produtivos que máis enerxía consomen, porque debemos protexer a nosa industria, a nosa agricultura e gandería, a nosa pesca, ou o papel vertebrador do transporte en toda a cadea de valor da actividade económica e os empregos que xeran, que demostraron ser, entre outros, sectores absolutamente estratéxicos para o noso futuro.
- Activen o mecanismo REDE para evitar despedimentos, porque é necesario protexer o emprego así como, chegado o caso, mecanismos similares para os autónomos.
- Controlen os prezos dos alugueiros, evitando que se revaloricen co IPC, porque ter unha vivenda onde vivir é unha necesidade, non un luxo.

Así mesmo, chamamos á MOBILIZACIÓN de toda a cidadanía o día 23 DE MARZO en todo o Estado, para lle esixir ao Goberno de España e á Unión Europea que actúen para conter a escalada disparatada dos prezos, protexer o emprego e frear a deterioración das nosas condicións de vida.